



Rosalind Franklin

BIRAVXS

*Rosalin
Franklin*
(1920-1958)

Esta británica, nada en Londres en 1920, desempeñou un papel clave no descubrimento da estrutura do ADN, pese ao «roubo» do seu descubrimento por parte dos seus colegas científicos masculinos. Rosalin sempre foi unha apaixonada da ciencia. De moi nova, matriculouse en Cambridge, onde se doutorou en Química e Física, pese a que o seu pai non vía con bos ollos que unha muller estudase na universidade. Con todo, tanto a súa tía coma a súa nai axudárona neste sentido e en 1941 obtivo a súa graduación universitaria. En 1945 obtivo o título de doutora en Química e Física e, un ano máis tarde, trasladouse a París para traballar no Laboratorio Central de Servizos Químicos do Estado, aprendendo o manexo das técnicas da difracción de raios X en cristais. Estas técnicas axudárona nas súas pescudas, e así no ano 1951 regresou ao King's College de Londres, onde iniciou as súas investigacións sobre o ADN (ácido desoxirribonucleico). Nunha contorna machista e difícil, Rosalind obtivo unha fotografía de difracción de raios X dunha fibra de ADN, a famosa «Fotografía 51», que revelaba de maneira inconfundible a estrutura helicoidal deste polímero. Os seus colegas Maurice Wilkins, James Watson e Francis Crick roubáronlle esta foto, entrando subrepticamente no seu laboratorio. Este «roubo» serviu para que eles obtivesen o Nobel de Fisioloxía e Medicina en 1962, e ocultaban a autoría feminina deste descubrimento. Só moitos anos despois e grazas a outros científicos e científicas, sóbose e denunciouse esta inxustiza.

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo